

Secundino  
García Casal

Programa  
Eleitoral

# Para mellorar as cousas en San Sadurniño

## Para MELLORAR as cousas no concello de SAN SADURNIÑO

O día 13 de xuño vai-se culminar o mandato de representación municipal que resultara conformado nas eleccións municipais de maio de 1995. Cómpre, xa que logo, facer unha reflexión do acontecido, tanto en relación ás accións do grupo de (des)gobierno municipal do PP, como a respecto do labor de oposición exercida polo BNG no noso concello.

A acción política despregada polo PP en San Sadurniño nos últimos catro anos non puido ser máis desalentadora: a falta dun talante minimamente serio e rigoroso do Alcalde, Sr. Bedoya Vázquez, o cal amosou a cotío un carácter histriónico e unhas baixas perspectivas políticas en asuntos claves para o noso concello como foron: a construción do centro de Educación Secundaria, convertido logo en Centro Integrado e a conseguinte implantación baixo mínimos da ESO no concello, privando-nos de ciclos formativos específicos a impartir no centro construído que garantisen a formación dos nosos rapaces e rapazas no propio concello, a falta de apoio aos gandeiros e gandeiras do concello nas folgas e protestas do leite, a negativa constante a regulamentar mediante a aprobación dunhas bases obxectivas a concesión por parte do Concello de subvencións a entidades e asociacións, a falta dunha planificación a curto, medio e longo prazo das obras e investimentos, empregando case sempre os caudais públicos dun xeito totalmente caciquil e electoralista, o enchufismo á hora de acceder a un posto de traballo no concello, e un longo etcétera que sería ocioso citar por ser notoriamente coñecido; xunto coa tentativa de perpetuar un rñcioio entramado clientelar, única tarefa desenvolvida polos concelleiros acompañantes do Sr. Bedoya, abusando inxustamente do que debería de ser un cargo público; de

Con Ideas  
San Sadurniño

13-6-1999

## Alternativa de goberno baseada nun diálogo continuo cos veciños e veciñas

todo iso, dicíamos, debemos extraer a conclusión que non podemos seguir a confiar no mesmo grupo político que está a sumir ao concello de San Sadurniño, e aos seus habitantes, nunha desilusión e falta de confianza en nós mesmos, impedindo asemesmo sentar unhas bases sólidas para construír no futuro próximo un espazo de convivencia que remonte as adversidades políticas sufridas nos derradeiros anos.

Pola contra, a aparición do BNG, encarnado na persoa de Secundino Garcia Casal—candidato á alcaldía por esta forza política na vindeira cita electoral—no ámbito político municipal, non só serviu para desmascarar a quen nos estaba a gobernar, senón tamén para expór unha forma alternativa de goberno baseada nun diálogo continuo cos veciños e veciñas, recabando dos mesmos as súas preocupacións e aspiracións. Así, a nosa labor de oposición non se cingiu a participar pasivamente na acción política municipal, ou a limitar-se a criticar o desgoverno municipal, senón que foi máis aló, propondo iniciativas, en moitas ocasións froito da recepción das arelas dos cidadáns. Iso traduciu-se no artellamento de mocións e iniciativas de grande interese para o Concello: a implantación dunha ordeanza reguladora das prantacións forestais no ámbito do concello, o impulso da participación cidadá na institución municipal a través das asociacións veciñais, culturais e deportivas, o apoio ás xustas reivindicacións para conquistar a implantación dun centro de ESO, a rehabilitación do noso patrimonio cultural, con especial atención á recuperación do Castelo de Naraío e o seu entorno, a Ponte da Ferreira, as escolas unitarias de Ferreira, a denuncia constante do talante autoritario e antidemocrático do Sr. Alcalde, demostrando que a confianza depositada en nós nas eleccións municipais de 1.995 foi exercida con responsabilidade ao expór e debater no concello todos aqueles aspectos programáticos que propugnamos hai catro anos.

Moitas destas alternativas permanecen hoxe latentes, e seguen a ser o eixo do noso labor político municipal, tendo ademais a firme convicción que son preocupacións compartidas pola maioría dos veciños e veciñas do concello, e xa que logo, o traballo político que desenvolveremos desde o BNG no futuro, será a síntese deseha experiencia de traballo acumulada nestes anos, e a reflexión para pór en práctica—non de xeito milagreiro, senón coa cadencia precisa—as accións e iniciativas necesarias para transformar social, económica e culturalmente, o actual panorama municipal.



2

## DEMOCRATIZACIÓN DA VIDA MUNICIPAL

Un dos eixos principais do programa municipal do Bloque Nacionalista Galego, é a urxencia de converter o Concello nun axente fundamental no proceso de democratización da nosa sociedade, erradicando dunha vez por todas a práctica caciquil, obscurantista e servil do actual goberno do Partido Popular, por unha política na que predomine o talante democrático, a transparencia da xestión municipal, e a participación do vecindario nos asuntos que lle son propios. Para conquistar tales obxectivos, propoñemos:

- As contratacións de persoal por parte do Concello, realizaránse con transparencia e en igualdade de oportunidades.

- A elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal será o meio para facer unha acción de goberno o máis achegada posíbel ás demandas da poboación, e ao mesmo tempo acadar o apoio social necesario para a súa realización, transformando o Concello nunha institución ao servizo da cidadanía.

- Os Consellos Parroquiais ostentarán o recoñecemento de organismos de participación, tendo ao fronte un/unha responsable político/a (alcalde/alcaldesa ou delegado/a), e contarán cun representante de cada forza política con representación municipal e unha representación das entidades da parroquia.

- O Rexistro Municipal de Asociacións será o instrumento para o recoñecemento da representatividade das entidades cidadáns intervinentes no ámbito do Concello, ademais de servir de radiografía do movemento social realmente activo.

- Creación do Consello Municipal de Cultura e Deportes, que contará con representación dos grupos da Corporación, estará presidido pol@ Concelleir@ Delegad@, integrando-o ademais as entidades de acreditada representatividade que desenvolvan a actividade vencellada á área municipal en cuestión.

- Publicar un boletín que informe obxectivamente a tod@s @s veciñ@s das distintas actividades municipais, convocatorias, concursos, eventos deportivos e culturais, etcétera.

Un goberno do BNG fomentará, non só talentos e normativas democratizadoras da vida municipal senón que potenciará as súas actividades integrando-as na programación municipal por meio de convénios de colaboración.

## Regulamento de Participación Veciñal para atender de perto as demandas cidadás

Con ideas  
San Sadurniño

3

## Servizo de alumeado público en todo o concello

### SERVIZOS

O BNG apostará por unha política municipal que xeneralice a disposición dos servizos básicos que hoxe demanda a poboación, tratando de exténdelos ao maior número de núcleos do Termo Municipal.

#### ABASTECIMENTO DE AUGA

Tentar-se extender este servizo aos núcleos máis povoados co propósito de que, a medio prazo, teña abastecemento público de auga a maioría da poboación do Concello.

#### RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS

Implantaremos nesta Lexislatura a recollida selectiva de lixo en TODO o Termo Municipal. Establecerá-se a recollida periódica dos obxectos voluminosos: móbiles vellos, electrodomésticos, chatarras; e tamén a de todos os produtos perigosos. O BNG apoiará as iniciativas, que dun xeito mancomunado, traten de buscar alternativas á opción de SOGAMA. Eliminarán-se os vertedoiros incontrolados de lixo. Elaborará-se un plano de selado e eliminación do vertedoiro ilegal que o Concello está a empregar no lugar do Capelo (Igrexafeita).

#### ALUMEADOS PÚBLICOS


Extender este servizo a todo o Concello. Facer un estudo riguroso sobre o consumo, co fin de abaratalo.

#### TRANSPORTES PÚBLICOS

Realizará-se durante esta Lexislatura un estudo, partindo das experiencias doutros Concellos similares ao noso, de establecer, en colaboración cos taxistas, un servizo de transporte colectivo desde as parroquias máis alonxadas, coa capitalidade do Concello.

#### MANCOMUNAR SERVICIOS

Negociará-se cos Concellos limítrofes a prestación de algúns servizos de xeito mancomunado: desbroce da rede de pistas, mantemento de alumeados, recollida de lixo.



4

## URBANISMO E OBRAS

Construír redes de saneamento nos lugares máis povoados do Concello.

Demandar da Xunta de Galiza a construción dunha depuradora de augas residuais en San Sadurniño e a construción dun colector paralelo ao río Xúvia, até a súa desembocadura.

Asfaltarán-se durante esta Lexislatura todas as pistas que conducen a vivendas. Habilitará-se unha partida nos orzamentos municipais para a conservación en perfecto estado de toda a rede viaria municipal.

Exixiráselle á Deputación da Coruña a mellora e ampliación das estradas:

San Sadurniño-Ferreira-Igrexafeita, San Sadurniño-Riboira (Lamas), e San Sadurniño- Sta. Mariña do Monte.

Demarádase da Xunta de Galiza a mellora do tramo da estrada comarcal C-641 Bouzarredonda-Igrexafeita.

Construción de canchas polideportivas en Ferreira, Lamas e Camiño Arriba.

Financiará-se por parte do Concello, previa negociación cos veciños e veciñas de Silvalonga, a rehabilitación da escola para a súa transformación en local social.

Construción dun local social na parroquia de Lamas.

## ENSINO

Seguir reivindicando a implantación efectiva dun Instituto de Ensino Secundario, por considerar que facilitaría o establecemento do ensino postobrigatorio (Bacharelato e Formación Profesional).

Exixir da administración educativa o cumprimento dos requisitos que deben satisfacer os centros educativos de infantil, primaria e secundaria.

Concederán-se becas, destinadas ás familias máis desfavorecidas, para mercar libros e material escolar, asicomo axudas para o transporte.

## Asfaltado de todas as pistas que conducen a vivendas

Con ideas  
San Sadurniño

5

Xestionar a creación dunha escola obradoiro que, por unha banda, contribuíra ao acceso por parte da mocidade a un oficio completando a súa formación, e por outra, faría posíbel a recuperación do noso patrimonio.

Implantación dunha Axencia de Desenvolvemento Local, que asesorará a todas e todos os autónomos, labregos, gandeiros e empresarios, en asuntos relacionados con subvencións e a súa tramitación, fiscalidade, asociacionismo e cooperativismo, etc. Esta entidade contribuirá ao progreso integral e harmónico de San Sadurniño, aproveitando os recursos humanos, financeiros e naturais nos sectores de servizos, agrogandeiro, forestal e industrial.

### *AGRICULTURA, GANDEIRIA E MONTES.*

Defensa do sector lácteo, gandeiro e forestal.

Aprobación, coa participación activa de todos e todas os/as afectados/as, dunha Ordenanza Municipal, non fiscal, reguladora das distancias entre prantacións forestais e fincas de labor, edificacións, e manantiais de auga.

Loita conta o desastre ecolóxico e económico que supoñen os incendios forestais.

Empregará-se o tractor municipal para desbrozar, durante o inverno, todas as pistas forestais do Concello.

### *POLITICA LINGÜÍSTICA.*

Defensa do uso do galego en todas as áreas de actuación municipal, impulsando e dignificando o seu uso en todos os ámbitos da vida municipal.

Implantar o Servizo Municipal de Normalización Lingüística  
Colaborar cos equipos de normalización lingüística dos centros docentes do municipio.

Valorar positivamente o coñecemento do galego nas probas de acceso á función municipal.

